



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia medieval da Península Ibérica

Materia	Historia medieval da Península Ibérica			
Código	O02G251V01503			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, Francisco Javier			
Profesorado	Pérez Rodríguez, Francisco Javier			
Correo-e	fjperez@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento, comprensión e aceptación dos caracteres específicos, principais acontecementos e transformacións da sociedade da península Ibérica durante a Idade Media, prestando especial atención á súa realidade multicultural e ao ter sido o berce da realidade política actual			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
B5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
C16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
C19	Coñecemento da historia nacional propia
D8	Compromiso ético e responsabilidade social
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D10	Atención á diversidade e á multiculturalidade.
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D14	Motivación pola calidade
D15	Sensibilidade cara temas ambientais.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento dos conceptos principais da Historia da Península Ibérica	B3	C1 C16 C19	D11	
Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada.	B3	C16 C19	D11	
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	A2	B5 C13	D14	

Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica.	A4	B5	C13	D9 D14
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	A2	B5	C13 C19	D8 D10 D15
Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional	A2		C1 C3 C13	

Contidos

Tema	
1.- Alta Idade Media (ss. V-X)	1.1.- Introducción á Idade Media peninsular 1.2.- Os reinos xermánicos da península Ibérica 1.3.- O predominio e esplendor de Al Andalus 1.4.- Os núcleos cristiáns do norte da Península
2.- Plena Idade Media (ss. XI-XIII)	2.1.- Da superioridade islámica á cristiá 2.2.- O equilibrio dos reinos cristiáns 2.3.- A plenitude da sociedade cristiá peninsular 2.4.- A difícil convivencia das tres culturas
3.- Baixa Idade Media (ss. XIV-XV)	3.1.- A institucionalización das monarquías 3.2.- Crisis e recuperación baixo

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	22	5	27
Traballo tutelado	15	40	55
Eventos docentes y/o divulgativos	2	2	4
Titoría en grupo	3	9	12
Probas de resposta curta	2	20	22
Traballos e proxectos	1	10	11
Probas de autoavaliación	2	4	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión orientada a presentar a materia, tomar contacto co alumnado e reunir información sobre as súas competencias, motivacións e intereses
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesor e presentación das liñas básicas para o desenvolvemento das actividades relacionadas coa mesma
Traballo tutelado	Elaboración e presentación de traballos feitos polo alumnado de forma individual ou en grupo
Eventos docentes y/o divulgativos	Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Titoría en grupo	Seguemento e aclaración de dúbidas sobre os contidos da materia así como supervisión do traballo autónomo do alumnado en relación coa mesma

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Seguemento e atención individualizada do alumnado na aula, no despacho, na plataforma Moodle, na aula e-meeting ou mediante o correo electrónico, coa intención de resolver os problemas e dúbidas que poidan xurdir no estudo e comprensión dos contidos da materia, preparación de traballos, resolucións de problemas, probas de avaliación, etc.
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas da avaliación. O seguemento farase a mediante os seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo). Alumnado presencial: seguemento na aula e seminario de informática da facultade. Alumnado non presencial: aula e-meeting (enlace en FaiTic, UVigo).

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Probas de resposta curta	Avaliación mediante tres probas de resposta curta ao final do correspondente tema. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos conceptos principais da Historia de Península Ibérica. Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada.	40		C16 C19	
Traballos e proxectos	Avaliaranse os coñecementos teóricos adquiridos polo alumnado na realización e estruturación do traballo así como a súa capacidade de exposición. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica. Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional.	30	A2 A4	C13 D9 D14	
Probas de autoavaliación	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado mediante a realización e presentación de tarefas propostas na plataforma moodle. Con elo dará conta dos seguintes resultados da aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	10		C19	D11
Resolución de problemas e/ou exercicios	Presencia e entrega dos materiais e tarefas elaborados nas sesións prácticas. Con elo, o alumnado dará conta dos seguintes resultados da aprendizaxe: Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada. Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	20		B3 B5	C19 D8 D10 D15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contido teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). O alumnado que non poida acollerse á avaliación continua examínase de todo o programa da materia, o cal deberán preparar a partir da bibliografía básica sinalada. Asemade, deberán realizar obrigatoriamente un traballo práctico ou bibliográfico relacionado coa materia, o cal será comunicado ao profesor responsable con anterioridade ao remate das sesións presenciais e entregado na data do exame final.

Dito exame constará dunha proba de resposta curta e un comentario de texto. A nota final repartirase entre as tres probas do xeito seguinte: proba de resposta curta: 50%; comentario de texto: 20%; traballo: 30%.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Loring, M.I.; Pérez, D. e Fuentes, P., **La Hispania tardorromana y visigoda. Siglos V-VIII [Historia de España 3er Milenio, nº 4]**, Síntesis, 2008

Salvatierra, V. e Canto, A., **Al-Ándalus. De la invasión al califato de Córdoba [Historia de España 3er Milenio, nº 5]**, Síntesis, 2008

Álvarez Borge, I., **La Plena Edad Media. Siglos XII-XIII [Historia de España 3er Milenio, nº 8]**, Síntesis, 2003

Guinot Rodríguez, E., **La Baja Edad Media en los siglos XIV y XV. Economía y Sociedad [Historia de España 3er Milenio, nº 9]**, Síntesis, 2003

Monsalvo Antón, J.M., **La Baja Edad Media en los siglos XIV y XV. Política y Cultura [Historia de España 3er Milenio, nº 10]**, Síntesis, 2005

Monsalvo Antón, J. M., **Atlas Histórico de la España medieval**, Síntesis, 2010

Bibliografía Complementaria

Álvarez Palenzuela, V.A. (dir.), **Historia de España de la Edad Media**, Ariel, 2002

Historia de España, 7. Época medieval. La dinámica política, Istmo, 2005

Historia de España, 8. Época medieval. Administración y gobierno, Istmo, 2003

Historia de España, 9. Época medieval. Economía y sociedad, Istmo, 2004

Historia de España, 10. Época medieval. Iglesia y cultura, Istmo, 2002

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia moderna de España/O02G251V01603

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Historia medieval universal/O02G251V01304

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle (<http://fatic.uvigo.es>) documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.
